



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

PROXECTO DE REGULAMENTO INTERNO DO ALBERGUE XUVENIL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Artigo 1.-Obxecto

O obxecto deste regulamento é a regulación do réxime interno, das condicións de uso e do funcionamento do albergue xuvenil municipal pertencente ao Concello de Cabana de Bergantiños.

O albergue é un servizo público municipal que estará suxeito aos modos de xestión dos servizos públicos que están legalmente establecidos.

O albergue atópase integrado na parcela con referencia catastral 1504A026001280000AL onde se ubican os servizos educativos deste concello. Consta de tres bloques de vivendas unidos interiormente.

A instalación está dividida en tres módulos A, B e C:

.- A planta alta do módulo A, destínase a dormitorios comúns na súa totalidade, con 14 prazas , con destino masculino e feminino indistintamente, contan con dúas cabinas de aseos provistas solo de inodoro e dous baños con dúas duchas e dous lavabos cada unha..

.- A planta baixa do modulo A destínase a dormitorios con un total de 11 prazas, ademais dun dormitorio con aseo incorporado, ambos adaptados cumprindo a normativa. Ademais conta con dous baños con dous lavabos, inodoro e ducha.

.-Na planta baixa do modulo B atópase a cociña e o comedor do albergue, a continuación a sala de actividades zona destinada ás actividades propias dos usuarios, previa ao acceso ó comedor.

.-A planta alta do módulo B, destinase a dormitorios comúns na súa totalidade, con 14 prazas cada planta, con destino masculino e feminino indistintamente, contan con dúas cabinas de aseos provistas solo de inodoro e dous baños con dúas duchas e dous lavabos cada unha..

.- Na planta baixa do modulo C atópase a recepción e despacho da dirección do centro, cun aseo adaptado para persoas de mobilidade reducida e zonas de actividades, descanso e convivencia.

.-A planta alta do módulo C, destinase a dormitorios comúns na súa totalidade, con 14 prazas cada planta, con destino masculino e feminino indistintamente, contan con dúas cabinas de aseos provistas solo de inodoro e dous baños con dúas duchas e dous lavabos cada unha..

Artigo 2.- Fins do albergue municipal

O albergue municipal é un establecemento que se destina a dar aloxamento, como lugar de paso ou estancia ou de realización dunha actividade, preferentemente a visitantes do municipio de forma individual ou colectiva (asociacións infantís e xuvenís, asociacións socio-culturais, centros escolares e entidades sen ánimo de lucro en xeral) como marco dunha actividade de tempo libre ou formativa.

As finalidades desta instalación, son:

- a. Proporcionar aloxamento específico para alberguistas e visitantes.
- b. Servir de marco das actividades programadas polo Concello de Cabana de Bergantiños para a realización de actividades dirixidas á promoción do concello e a súa contorna natural, patrimonial e cultural.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

c. Proporcionar a entidades, asociacións, fundacións, institucións, grupos, etc., lugares de convivencia e de realización de actividades educativas, lúdicas, sociais e deportivas.

Art. 3º.- Administrador do Albergue

Á fronte da explotación do Albergue, independentemente da súa forma de xestión, estará o Director da instalación (deberá estar en posesión do título de director de actividades de tempo libre, ou de calquera titulación universitaria de grado medio ou superior) que realizará a xestión integral da instalación, sendo as súas funcións principais as seguintes:

- Control de acceso dos usuarios e da boa orde dentro do edificio.
- Atención do comedor e a cociña.
- Operacións ordinarias de limpeza e mantemento do edificio en todas as súas dependencias, incluíndo o manexo e coidado das instalacións.
- Control de roupas de cama, toallas, e, en xeral, de todos os utensilios, enseres, roupa de mesa e demais bens mobles
- Ter a disposición dos usuarios a documentación ou información de todo tipo relativa a actividades culturais, deportivas, recreativas ou de contacto coa natureza que se organicen en Cabana de Bergantiños e outros municipios da súa contorna, solicitando dos Concellos, oficinas de turismo, Comunidade Autónoma e outros organismos a información necesaria a tal obxecto.
- Facilitar aos usuarios información relativa ás tradicións, festas, patrimonio, lugares de interese turístico e contorna de Cabana de Bergantiños, e darlles a máxima difusión.

Sen prexuízo das funcións que directamente corresponden ao Director do Albergue, as cuestións que non estean recollidas neste Regulamento serán de conta dos responsables municipais: Alcalde ou Concelleiro delegado para ese efecto.

Artigo 3.- Normas xerais

1. A estancia no Albergue comprende o uso e goce pacífico da praza de aloxamento e demais servizos contratados, e durará o tempo convidado, prazo que haberá de constar expresamente no cartón de admisión.

Normas de organización e comportamento

3.1.- De carácter xeral

a) O Albergue poderá estar aberto os 365 días do ano, sempre que os posibles usuarios así o demanden. O horario de apertura e peche do Albergue será decidido polo administrador, o cal deberá comunicalo aos usuarios mediante carteis ben visibles na recepción do Albergue, e notificalo a primeiros de ano ao Concello de Cabana de Bergantiños para que este poida dalo a coñecer mediante os medios pertinentes.

b) O Albergue contará obrigatoriamente cunha liña de teléfono fixo e un móbil de contacto que deberán ser atendidos polo administrador. Ambos os números de teléfono deberán ser notificados a primeiros de anos ao Concello de Cabana de Bergantiños para que este poida dalos a coñecer mediante os medios pertinentes.

c) O horario da primeira entrada e última saída das habitacións do albergue será estipulado polo administrador; se para a hora de saída marcada para o último día non se retirou a equipaxe o hóspede quedará obrigado a pagar unha pernoita máis. Ambas as horas deberán ser comunicadas aos usuarios mediante carteis ben visibles na recepción do Albergue, e notificalo a primeiros de ano ao Concello de Cabana de Bergantiños para que este poida dalo a coñecer mediante os medios pertinentes.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

d) O administrador estipulará a hora en que as habitacións deben de quedar libres para a súa limpeza; así como o horario durante o cal se servirá o almorzo, a comida e a cea. Estas horas deberán ser comunicadas aos usuarios mediante carteis ben visibles na recepción do Albergue. Pasada a hora fixada para os servizos de comidas ningún usuario poderá reclamar a devolución ou dedución de importe económico algún por non gozar do devandito servizo.

e) A adjudicación de prazas realizarase polo administrador baixo a forma de xestión que estableza.

f) Está prohibido introducir calquera tipo de animal no recinto, salvo cans guía.

3.2.- Nas habitacións

Cada habitación contará con un espazo individual para durmir, xa sexa cama ou liteira, e como mínimo cun colchón coa correspondente funda, almofada e u número suficientes de mantas que deberán atoparse en todo momento en perfectas condicións hixénicas. Ao finalizar a estancia deberase devolver o material empregado.

Será por conta do usuario a preparación da cama.

Na recepción facilitarase a chave da habitación, debendo entregala ou depositala alí cada vez que se abandone o Albergue.

Prohíbese tender roupa á rúa, enchufar *hornillos*, estufas, acumuladores así coma arroxar lixos e obxectos polas xanelas, molestar aos demais co volume dos aparellos de son, comer, beber e fumar. É obrigado coidar da súa orde e limpeza e respectar o descanso dos compañeiros, sobre todo a partir das vinte e tres horas.

3.3.- Nos servizos hixiénicos

É obrigado facer uso correcto, para os fins a que están destinados e no momento necesario, evitar deterioracións e avarías e comunicar rapidamente as que se observen, pechar billas, evitar atascos, non derramar auga, non manipular chumbos, coidar chaves e conmutadores de luz, etc.

As papeleiras utilizaranse conforme ao seu destino.

3.4.- No comedor

É obrigado respectar o horario establecido para o almorzo, comida e cea. Prohíbese fumar e acceder ao comedor sen adecuadas condicións de hixiene ou vestimenta.

Observarase en todo momento a normativa hixiénico sanitaria para comedores colectivos

3.5.- Relativas aos usuarios

a) Poderán ser usuarios das instalacións todos os mozos e mozas de ata 30 anos de idade, individualmente ou en grupo. Si son menores de idade deberán dispoñer da autorización correspondente.

Se as persoas que compoñen un grupo fosen menores de idade deberán ir acompañadas alo menos, dunha persoa adulta por cada 20 xóvenes, e de unha por cada 10 se son menores de 6 anos. Todo grupo designará unha persoa responsable do mesmo durante o período de estancia no albergue, indicando un número de teléfono móbil de contacto.

O albergue poderá acoller a alberguistas con carnet da Rede Española de Albergues Xuvenis ou na Rede Galega de Albergues Xuvenís, (REAJ) así como da Intenacional Youth Hostel Federation (IYHF).



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

As persoas cunha idade superior aos 30 anos poderán utilizar as instalacións conforme ás normas de funcionamento aplicables a todos os albergues xuvenís integrados na rede correspondente.

b) O Albergue é un aloxamento comunitario, que obriga a todos os usuarios a agardar silencio nos dormitorios e observar as normas xerais de hixiene, tanto persoal como no uso dos seus servizos e instalacións.

c) Os alberguistas terán un comportamento respetuoso con persoal e co resto de usuarios facéndose responsable dos seus actos. O usuario exime de toda responsabilidade derivada dos seus actos do titular e aos responsables da instalación.

d) Os alberguistas tentarán facer un consumo racional da enerxía mediante as medidas habituais tales como apagar as luces cando non se precisen, pechar as xanelas para evitar que fuxa a calor, pechar ben as billas e non derramar auga innecesariamente, avisar dos danos que poidan observarse para que poidan ser reparados, etc.

e) Non está permitido aos alberguistas o acceso a intendencia, cociña e salas de máquinas. Tampouco está permitido fumar nin introducir bebidas alcohólicas en todas as instalacións do albergue.

f) En caso de inobservancia por parte dos usuarios das normas de comportamento contidas neste regulamento ou na normativa xeral autonómica de Galicia, o administrador poderá adoptar as medidas necesarias para facer cesar esta situación, podendo mesmo expulsar de Albergue aos infractores.

Sen prexuízo de todo iso, os causantes de danos ao edificio, ás súas instalacións ou a outras persoas están obrigados a pagar os danos ou a indemnizar o dano causado, podéndose reter en peza as súas roupas, aveños ou documentos ata o abono dos mesmos. Poderá denegarse o uso do Albergue a quen se atope incurso en demandas por falta de pagamento ou reclamación por danos ou mal uso das instalacións en estancias anteriores neste establecemento ou noutros similares de Galicia.

Así, non se poderán fixar carteis nin outros obxectos que puideran deteriorar nin no mobiliario nin en paredes, portas e ventás. Será persoa responsable por cantos desperfectos lle sexa imputables, e no seu caso deberá dar conta das incidencias á dirección do albergue, tanto dos desperfectos ocasionados como dos observados.

As responsabilidades legais que puidesen derivarse dos actos realizados no Albergue recaerán nas persoas que os executasen ou nos seus representantes legais, reservándose o administrador o exercicio das accións legais correspondentes.

Serán obrigas e dereitos dos usuarios ademais dos xa citados os seguintes:

Dereitos dos usuarios:

1. Acceso á información contida na documentación relacionada no artigo 40º.1 do Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude.

2. Un adecuado uso e goce de cuantos equipamentos e dependencias posúan as instalacións xuvenís, así como recibir os servizos requiridos como contraprestación dos prezos satisfeitos.

3. Formular ante a dirección da instalación xuvenil cantas iniciativas, suxestións e reclamacións crean oportunas.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

4. Ser respectados na súa liberdade, dignidade e integridade.

Deberes dos usuarios

1. Someterse e respectar este regulamento de réxime interior.
2. Abonar os prezos fixados na lista de prezos do ano en curso, conforme aos servizos solicitados.
3. Coidar as instalacións, mobiliario, material e a contorna natural do lugar de emprazamento da instalación xuvenil.
4. Contribuír coa súa conduta para crear un clima de tolerancia e respecto mutuo entre todos os usuarios.

Restricións ao dereito de uso

Os titulares das instalacións xuvenís reguladas neste título poderán amoestar ou rescindir o contrato e expulsar das instalacións aos individuos, familias ou grupos que incumpran o regulamento de réxime interior e as normas lóxicas de convivencia.

3.6.- Relativas ás tarifas

As tarifas de prezos de todos os servizos e horarios estarán expostos no taboleiro de anuncios de recepción e nas plantas do establecemento.

O titular da instalación establecerá a forma e prazos para liquidar e satisfacer as tarifas correspondentes polos usuarios, segundo acordado polo Concello de Cabana de Bergantiños.

4.- Horario dos servizos

Os alberguistas disporá dun taboleiro informativo ubicado nun lugar ben visible no que a Dirección publicará as disposicións xerais e particulares que haberán de rexer o establecemento. Particularmente, o réxime de horarios dos servizos e o funcionamento das instalacións.

5.- Prestación de servizos

O titular do albergue será responsable da axeitada calidade na prestación dos servizos, a cal se realizará por personal cualificado para a dita función.

O albergue disporá dun servizo de atención permanente as 24 horas, xa sexa con personal ou ben con medios tecnolóxicos substitutivos, permitindo o acceso ás 24 horas do día, garantindo a atención personal do albergue de 9:00 horas a 22:00 horas en horario ininterrompido.

Asistencia sanitaria

O albergue dispón dun botiquín de primeiros auxilios pero non de personal sanitario que o atenda nin de medio de transporte.

Servizo de cociña

O servizo de cociña individual é de uso exclusivo para alberguistas e está incluído no servizo de aloxamento. Os utensilios, vaixela, aparatos de cociña e complementos están á súa disposición. Os alberguistas deberán limpart os utensilios, vaixela e aparatos utilizados e deixar a dependencias en bo estado.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Servizo de lavandaría e secado de roupa

O uso do servizo de lavandaría e secado para alberguistas está a disposición de quen o solicite. A maquinaria e elementos constitutivos están á disposición dos alberguistas

Os alberguistas deberán deixar a dependencia en bo estado de uso.

6.- Réxime Sancionador

O incumprimento do disposto nesta normativa constitúe unha infracción administrativa.

Poderá expulsarse do albergue e/ou prohibirse a entrada entre un e cinco anos, en función da gravidade dos feitos, a aquelas persoas que incumpran o disposto neste regulamento. En concreto, constituirán motivos de expulsión e/ou prohibición, entre outros, os seguintes:

- O deterioro intencionado ou a negligencia grave no coidado e conservación das instalacións ou materiais cedidos ou das dependencias comúns.
- A reiterada desobediencia ás instrucións da dirección do albergue.
- O mantemento dun comportamento obstinadamente contrario ao bo orde dos servizo ou da convivencia con outras persoas usuarias do albergue.
- O impago das tarifas esixibles pola utilización dos servizos ou dependencias do albergue.
- A utilización das instalacións ou materiais cedidos das dependencias da instalacións para fins distintos dos que constitúen o seu obxecto específico.

7.- Reclamacións

Aos efectos das garantías dos dereitos que asisten ás persoas alberguistas, existirá á disposición destes un Libro de Reclamacións.

8.- Normativa aplicable

Será de aplicación supletoria en todo o non establecido neste regulamento de forma expresa o previsto no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, o Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior e demais lexislación sectorial concordante e aplicable.

Lei 6/2012, do 19 de xuño , de xuventude de Galicia

Disposición adicional

Calquera dúbida que poida xurdir respecto da interpretación do disposto neste Regulamento será resolta provisionalmente pola Dirección do albergue e posteriormente, no seu caso, sempre que resulte necesario facultarase a Alcaldía para ditar a resolución que corresponda, emitidos os informes que procedan, así como para que dite cantas instrucións e normas de réxime interior resulten necesarias para a aplicación axeitada, interpretación e desenvolvemento deste Regulamento.

Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor consonte ao disposto no art. 70.2 da Lei 7/1982, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.